



PROXECTO: “Apadriña unha palabra”

Este proxecto pretende recoller palabras en vías de extinción coa finalidade de volvelas a empregar na nosa lingua.

Obxectivos:

- Rescatar do esquecemento colectivo palabras da Lingua Galega que deixaron ou están en vías de deixar de empregarse por diferentes causas: substitución, funcionalidade, deformación diglósica...
- Promover o seu uso no contexto escolar, en actividades académicas de carácter gramatical, ortográfico e de vocabulario.
- Valoralas como moi axeitadas para seren empregadas cunha maior precisión e propiedade, en determinados contextos comunicativos, que as palabras que as desprazaron do seu uso cotiá.
- Implicar aos diferentes sectores da comunidade educativa, alumnado, familias e profesorado, nesta tarefa de reconciliación e reencontro co sinal de identidade máis noso, a nosa lingua.

Participantes: Varios centros de Ed. Infantil e Primaria da zona da mariña lucense. Proponse un labor de amor á lingua , apadriñar palabras en vías de extinción, ameazadas pola pobreza léxica, varridas pola linguaxe politicamente correcta ou perseguidas por estranxeirismos. Trátase de crear un novo hábitat onde quizais non estean as palabras máis fermosas, pero si as máis necesitadas.

Duración : Bianual.

Actividades:

- **Traballo de campo:** Implicase o alumnado, as familias e o profesorado na busca da palabra esquecida, deformada ou abandonada. No eido das familias ou no subconsciente máis consciente procuramos palabras orixinais merecentes de ser apadriñadas para que as traian á escola.
- **Traballo na escola:** facémolas figurar, xunto co nome do seu padriño ou madriña, no libro “ *Ser padriño/madriña dunha fermosa palabra* “, pois xa o dicía Blanco Amor: “ Apadriñar con amor, non vos hai cousa millor”.

- Convertémolas nas protagonistas de diferentes actividades da clase de Lingua Galega.
- Comprobamos que figura no dicionario da Real Academia ou non.
- Comprendemos e compartimos o seu significado.
- Buscámoslles sinónimos, antónimos, singular, plural, masculino ou feminino.
- Empregámolas na construción de oracións, de dificultade axeitada ao nivel ou ciclo.
- Imaxinamos relatos ao redor das palabras.
- Invitámolas a navegar polo mar das poesías que nós mesmos sexamos capaces de crear.
- Instalámolas en contextos plurilingüísticos: como se di en Castelán, en Inglés, Francés...

Proxección exterior: de todas as palabras apadriñadas seleccionar aquelas que resulten máis significativas e, cos traballos que con elas se teñan feito organizar unha exposición no centro, que convenientemente publicitada sería de visita aberta.

Posteriormente, e en colaboración cos restantes centros participantes, elaborar unha exposición con todo o recollido, tamén debidamente publicitada e aberta.

Comunicar ás institucións competentes (R.A.G.) palabras que non recolla o dicionario oficial por se foran merecentes de ser incluídas.

PALABRAS APADRIÑADAS

1. **ACADARNAR/ACABICORNAR**: Atar un pé dianteiro da vaca ou doutro animal a un dos cornos para que non corra.
2. **ADIVAL**: Corda grosa e longa feita de cânabo ou esparto trenzado, que se emprega para suxeitar ben a carga do carro ou de calquera outro transporte de mercadorías.
3. **AGUINALDO**: Regalo ou propina que se dá xeralmente polo Nadal.
4. **ALBARDA**: Aparello das bestas de carga, coma unha especie de almofada chea de palla que se coloca no alto lombo.
5. **ALFÁNDEGA**: Oficina situada na fronteira entre dous países destinada a controla-la entrada e saída de persoas e mercadorías que pasan dun a outro; oficina situada nas fronteiras, nos portos ou aeroportos dun país destinada a cobra-los impostos pola entrada de determinadas mercadorías.
6. **AMARELO**: Da cor do ouro.
7. **ANDAR**: Planta dunha casa, piso.
8. **ANGARELLAS**: Armazón con dous soportes de madeira que se coloca no lombo dunha besta de carga e que serve para carrexar cousas; armazón feita cunha tea resistente entre dúas andas, que se utiliza nos hospitais e nas ambulancias para transportar enfermos ou impedidos.
9. **AQUELADO**: Dise da persoa enferma ou con mal aspecto.
10. **AQUELOUTRAR**: arranxar, poñer en orde, preparar.
11. **ATUBIAR**: Arrefriar *(non vén no dicionario).
12. **AVÓ/AVOA**: Pai do pai ou da nai/ nai do pai ou da nai.
13. **AZUCRE**: Substancia moi doce, de cor branca e moi soluble.
14. **BAIUCA**: Taberna *(non vén no dicionario)
15. **BALINEAS**: Proclamas.
16. **BEIRARRÚA**: Parte lateral dunha rúa ou vía pública destinada aos peóns.
17. **BIOLARTE**: Peza de madeira de un metro de longo aproximadamente que se usaba para apertar as cadeas dos carros cando estaban cargados para que non se lles movese a carga, fixébase amarrando o biolarte cunha corda ó carro ou á carga e apertábase como un torniquete. *(non vén no dicionario).
18. **BIOL**: caldeiro que serve para achica-la auga das embarcacións.
19. **BORTO**: Especie de corda que se fai con palla, xuncos, salgueiros para atar algo.

20. **BOUREL**: Boia composta de moitas cortizas unidas, de varios tamaños que impiden que as redes vaian ao fondo e queden suspendidas na superficie do mar.
21. **BULLOTE**: Castaña verde que aínda non está madura. (bulló: castaña asada desprovista da casca)
22. **BURRO**: Armazón que nas antigas cociñas suxeitaba a gramalleira co pote ou o caldeiro.
23. **CADELA LARETA**: Arrabaldeira, persoa mala e que non ten segredos.
24. **CADEIRA**: Asento individual con respaldo e, ás veces, con brazos.
25. **CADERNA**: Elemento transversal da estrutura dunha embarcación.
26. **CADULLO**: Cabeceira dunha leira que se ara transversalmente. Terrón compacto.
27. **CA(G)UÑA**: Óso da froita.
28. **CACHARELA**: Fogueira que levanta grande labarada.
29. **CACHUCHA**: Cabeza de porco cocida, cachola.
30. **CAIADO**: Bastón *(non vén no dicionario).
31. **CAÍNZO**: Faiado, especialmente da lareira *(no dicionario vén con outro significado)
32. **CALCAÑAR**: Calcaño, parte posterior da planta do pé.
33. **CALDEIRO**: Recipiente cilíndrico feito de diferentes materiais para transportar líquidos.
34. **CALUGOS**: Zocas altas.
35. **CANADA**: Recipiente de latón para recolle-lo leite que se moxe; cantidade de leite que cabe nese recipiente.
36. **CANEIRADO**: Parede de madeira *(non vén no dicionario)
37. **CANELO**: Parte delgada e case sen carne do óso do xamón ou do lacón *(no dicionario vén con outro significado)
38. **CANGALLA**: Cada un dos paus do xugo con forma curva entre os que se mete o pescozo do animal.
39. **CARABELO**: Cesto de tamaño medio con asas para levar no brazo.
40. **CARAVILLA**: Pasador de ferro que se introduce nun burato para asegurar ou pechar portas ou ventás.
41. **CARDA**: Instrumento en forma de peite que serve para cardar a la ou liño; peite para carda-lo pelo.
42. **CARNEIROS**: Molusco bivalvo de cuncha grosa e sólida de forma circular, nome co que tamén son coñecidos os berberechos.
43. **CAROZA (CAROCA)**: Froito do piñeiro manso que ten piñóns comestibles.

44. **CAXIGO**: Úsase como comparación p.ex.”Parece un caxigo”, persoa moi alta * (no dicionario: carballo novo)
45. **CEIFEIRO**: Segador.
46. **CEBOLEIRO/A**: Desordenado/a.
47. **CENORIA**: Planta herbácea de raíz case vermella, carnosa e comestible, moi rica en vitaminas.
48. **CIMBALTA**: Rede de calquera tipo (pesca, cortes...) *(non vén no dicionario).
49. **CINCHA**: Correa ou corda que se pasa por debaixo da barriga das bestas de carga para amarrar a albarda ou a sela (cilla, cinlla).
50. **CÓBADO**: Parte saínte posterior da articulación do brazo co antebrazo.
51. **COBERTOR**: Peza felpuda, de la ou de algodón, que se estende na cama sobre as sabas e as mantas.
52. **COLMEIRA**: Pau rematado en dúas ou máis gallas que se emprega para levantar, revolve-las meses ou a palla; é moi semellante á galleta, da que se diferencia por ter tres gallos nunha dirección e dous na outra.
53. **COLMEIRO**: Galleto de madeira.
54. **COLO**: Parte do corpo que une a cabeza ao tronco.
55. **COPETA/CUNCO**: Recipiente de madeira de forma redonda onde se bota a masa para darlle forma antes de metela no forno.
56. **CORRIACHO**: Cousa de pouco valor *(non vén no dicionario).
57. **CORRICÁN**: Persoa que anda dun sitio para outro, sen parar.
58. **CORTIÑA**: Terreo destinado ó cultivo de legumes e cereais.
59. **CUARTO**: Compartimento dunha casa destinado a durmir; dormitorio.
60. **CUARTO DE FOLGA**: Habitación da casa que non se usa habitualmente.
61. **CUNCA**: Recipiente cóncavo de madeira, de barro ou de porcelana para líquidos.
62. **CURMÁN/Á**: Primo irmán ou prima irmá.
63. **CUZA**: Cadela pequena.
64. **CHAMBRA**: Camiseta, peza de roupa interior; prenda de vestir exterior, ancha e con mangas, que cobre a parte superior do corpo, blusa; chaqueta curta.
65. **CHANCLO**: Calzado de goma, que se emprega para as tarefas do campo, cunha forma similar a un zapato. Pode calzarse coa zapatilla no pé ou sen ela. *(non vén no dicionario)

- 66. CHAOLA:** sobremesa típica do Entroido parecido ás orellas pero máis grosa; pódese usar tamén como insulto (tes unha cara de chaola...) Zona de Cariño *(non vén no dicionario).
- 67. CHAPO:** Semellante ao rodo (de labranza) pero máis longo e máis estreito. *(non vén no dicionario)
- 68. CHAVELLA:** Peza de madeira de forma alongada usada para suxeitar o xugo ao cabezallo do carro ou arado.
- 69. CHINCHORRO:** Arte de pesca con cope para acumular e colle-la pesca.; bote pequeno.
- 70. CHINELAS:** Calzado sen tacón nin talón para uso doméstico, nalgúns zonas tamén é un tipo de zoca fina e aberta.
- 71. CHOER:** Cerrar unha leira cun valo de pedra ou de terra; pechar o gando na corte.
- 72. CHOUPÍN:** Cogomelo comestible de carne branca e rosada.
- 73. CHOVER A CACHÓN/BALLÓN:** Chover moito.
- 74. DALA:** Utensilio de pedra ou madeira que se empregaba para recoller a auga da bogada; DALA DE QUITAR O MEL: aparello de madeira para quitar o mel.
- 75. DEBULLAR:** Sacar a pel dura ás castañas.
- 76. DELOIRAR:** Quitar ou perder a humidade.
- 77. DELUNCIÑA:** Donicela. Mamífero carnívoro da familia dos mustélidos algo meirande que o rato.
- 78. DESCANTIA:** “ Descantia que non te vexo” (fai canto tempo que non te vexo).
- 79. DESCONGRACIADO:** Pouco agradecido, egoísta...*(non vén no dicionario).
- 80. DOBLA:** Peza do carro que se emprega para xoncer as vacas. *(non vén no dicionario).
- 81. EMPUÑADURA:** Parte por onde se agarra o remo.
- 82. ENCALDADA:** Comida cocida que se lle prepara ao gando; comida moi caldosa e mal feita.
- 83. ENCARNADO/A:** Da cor da carne; vermello, rubio.
- 84. ENCIÑO:** Ferramenta agrícola que consta dun mango que nun dos extremos leva unha especie de peite con dentes de madeira, ferro ou calquera outro material, e que serve para xuntar herba, palla, estrume, etc.
- 85. ENTRECORDO:** raro, atravesado *(non vén no dicionario).
- 86. ENXUGAR:** Quitarlle a humidade ou a auga a unha cousa.
- 87. ENXUGADOIRO:** Lugar onde se seca a roupa.

- 88. ERVELLO/A:** Planta leguminosa de froito comestible; chícharo.
- 89. ESCANO:** Banco de madeira con respaldo, algúns teñen unha mesa de madeira incorporable e movable.
- 90. ESCONCHAR:** Separar as espigas da cana do millo.
- 91. ESCUCIPAR:** cocer de máis certos alimentos, p.ex. as patacas.
- 92. ESCUSADO:** váter.
- 93. ESFOLLAR:** Quitar as follas á espiga do millo.
- 94. ESFOLLÍN:** Instrumento feito de madeira para quitarlle a folla ó millo. *(non vén no dicionario).
- 95. ESMENDRALLAR:** Romper, desfacer ou deixar inservible una cousa.
- 96. ESMOUCAR:** Cortarlle a parte superior a una cousa.
- 97. ESPANAR:** Pelar para o rego no terreo *(con este significado non vén no dicionario); Cambiarlle os cueiros ó neno/a; Limpar unha persoa que está prostrada na cama.
- 98. ESPORTA:** Especie de cesta de esparto, provista de dúas asas e de forma cóncava, que serve para transportar obxectos.
- 99. ESTRADA:** Camiño par persoas e vehículos.
- 100. ESTRIBILLAR:** Enredar; Facer cousas para distraerse.
- 101. ESTROBO:** Lazo que vai no centro do xugo e que serve para suxeitalo ó temón do carro por medio da chavella; aro de corda que suxeita o remo ó tolete.
- 102. FACENDA:** Conxunto de animais dunha casa de labranza; conxunto de propiedades rurais que posúe alguén.
- 103. FACER SIXA:** Ouriñar. *(non vén no dicionario)
- 104. FARAGULLOS:** mestura de fariña e ovos, migados.
- 105. FATO/A:** Parvo/a.
- 106. FATÓN:** Froita do fatoeiro, que é una variedade de ameixa.
- 107. FOUCIÑO:** Ferramenta formada por un mango de madeira ó que vai suxeita unha folla de ferro curva, que se emprega para segar ou rozar; lampo.
- 108. FOUCIÑA:** Fouce de folla estreita e mango curto, que serve para segar as colleitas de trigo e centeo.
- 109. FREGANZO:** Estropallo para fregar.
- 110. FUNGUEIRO/FUMEIRO:** Cada un dos paus que se colocan nos lados do carro para impedir que caia a carga.
- 111. GABUXAS:** Cóxegas ou deligras; Sensación un tanto desagradable que adoita provocar un riso involuntario, e que se experimenta cando son tocadas algunhas partes

especialmente sensibles do corpo con rozamentos leves e repetidos. *(non vén no dicionario)

112.GADAÑO: Picaño, picaña, Utensilio para sachar.

113.GALANO: Obsequio que se lle fai a unha persoa.

114.GALVANA: Falta de ganas, preguiza.

115.GALLETA: Instrumento agrícola que consiste nun mango de madeira e que remata en varios dentes ou gallas, tamén de madeira ou ferro. **Gallada, Forquita.**

116.GAMBITO: Galla pequena na que se van colocando os peixes que se pescan.

117.GARABULLO: Pau pequeno, seco e delgado que serve para facer lume; póla pequena dunha árbore con gallos e sen follas. Carabullo.

118.GARDUÑA: Picaña con tres ou catro dentes *(No dicionario vén con outro significado).

119.GARFELO: Culler grande que se usa para servir a comida.

120.GARRIDO: Xoguete ou regalo pequeno para os cativos.

121.GAVELA: Porción de estrume, herba, leña, etc., para cargar ou poñer nun feixe; feixe pequeno.

122.GORXA: Rexión situada ao fondo da boca á entrada da farinxa.

123.GRACIA: Forma de preguntar o nome a alguén (cal é a túa gracia? Chámome María) *(Non vén no dicionario con este significado).

124.GRADE: Aveño de labranza que consiste nun bastidor de madeira formado por traveseiros nos que se atopan os dentes – de ferro ou de madeira-, que son os que efectúan o labor de esterroa-la terra despois da labra e de achanzala.

125.GRADÓN: Aveño de labranza de forma semellante ó arado, pero con 3 ou 4 dentes curvos no canto da rella; emprégase para revolver a terra da restreba por ter os dentes máis longos cá grade.

126.GRAMALLEIRA/CAM(B)ALLEIRA/GRADALLEIRA: Cadea de ferro pendurada sobre a lareira da casa tradicional galega, que consta cun gancho no extremo inferior para colgar os potes e caldeiras metálicas que se poñen ao lume para facer a comida e outros usos. Tamén se coñece como ***garmallón.**

127.GUINDASTRE: Máquina fixa ou móbil, para erguer, termar e depositar cargas pesadas.

128.GUIÓN: Parte media do remo que une a empuñadura coa pala. *(non vén no dicionario)

129.GURRAR: Empuxar algo ou alguén para cambialo de lugar.

- 130.LAMPACEAR:** Fregar o chan dunha casa *(non se atopa no dicionario).
- 131.LAMPAZO:** Trapo húmido que se utiliza na cociña para limpar. Antes, como lampazo, úsabase algunha prenda vella (camiseta....) que se cortaba para facer madrada. (dic.): Labazada. Mancha de graxa. Pasar lampazo é limpar a casa .
- 132.LEITUGA:** Planta herbácea de horta que ten follas comestibles.
- 133.LILO:** Presente. Regalo pequeno que se da a un neno (non se atopa no dicionario).
- 134.LIXUGAR:** lixar; poñer sucio.
- 135.LIZQUENTE:** nin frío nin quente, morno.
- 136.LOUCE:** Peza usada para beber ou comer, vaso, cunca... *(non vén no dicionario)
- 137.LUVAS:** Prenda que serve para colocar nas mans e nos dedos.
- 138.LURA:** Molusco cefalópodo, especie de xiba, pero máis pequeno e longo.
- 139.MACIÑEIRA:** maceira
- 140.MADIA LEVA:** Madía: defecto ou característica que se lle atribúe a alguén. / interx. Usada nas expresións ¡madia leva!, ¡madia ten!, co significado de ¡home claro! ¡así calquera!.
- 141.MADREÑAS:** Madroñas; calzado de madeira dunha soa peza que pode te-la parte dianteira do piso plana ou con dous tacos, e adoita estar ferrada con goma.
- 142.MANTELO:** mandil.
- 143.MEDELO:** Meda pequena; Meda: morea de forma cónica, máis aplanada cós palleiros, que se forma pola acumulación ordenada de feixes ou monllos de centeo, trigo, millo, herba, etc.
- 144.MÉNGOLO/A:** insulto que se di cando alguén fai algo que non lle vén ben ó que o di. *(Non vén no dicionario).
- 145.MILICROQUES:** Planta que da unhas flores en forma de dedal e son de cor rosácea, tamén se chaman estalotes.
- 146.MOA:** No muíño, pedra circular, que xira sobre outra fixa, chamada pé, para moe-lo gran e outros produtos.
- 147.MOLEDOIRO:** Úsase para referirse ás persoas que andan ou están sempre enriba dun. *(Non vén no dicionario).
- 148.MOLIDA:** Mulida; Rosca de palla ou rodela de trapo sobre a que se coloca peso na cabeza das persoas. Peza de coiro que se poñía na cabeza das vacas para xunguilas.
- 149.MOLIDO:** Mulido; Rodela de trapo ou rosca de herba seca retorcida que se coloca na cabeza ou lombo para levar unha carga ; anaco de tela que se emprega para limpar.

- 150.MOLLO:** Feixe de plantas de cereais da mesma especie que se forman para a malla e cos que se fan as medas.
- 151.MOTAS:** Cartos soltos; *perras.
- 152.MORMEIRA:** Catarro nasal.
- 153.MOURO:** Escuro, negro.
- 154.MULIDO:** Folgueira, toxo e herba para as vacas.
- 155.MULIME:** Mestura de toxos, felgos, etc., que se baixan do monte para facerlle “a cama” ó gando.
- 156.NEBREA:** Chuviscar *(non vén no dicionario).
- 157.NORDÉS:** Nordeste, vento que sopra desde esa parte.
- 158.OLA:** Cántara de arxila con dúas asas para ir buscar auga á fonte ou ó pozo. Medida de capacidade para líquidos, especialmente para o viño que equivale a 16 litros.
- 159.OLLOMOL:** Peixe mariño de carne branca moi saborosa.
- 160.PALA:** Parte ancha do remo.
- 161.PALLUZO:** Facho, fachuzo, feixe de palla acendido que se utiliza para alumar.
- 162.PANO DAS MANS:** O que se usa para limpar o nariz.
- 163.PASANTÍA:** Actividade ou profesión do pasante (profesor co que van estudar os que están a punto de examinarse); clases particulares.
- 164.PAXE:** Cesto ou esporta grande de vimbio con dúas asas que se usaba para recoller as patacas.
- 165.PECHOS:** pendentos, aros. * (Non vén no dicionario con este significado)
- 166.PELAR:** Estar moi quente unha cousa; abrasar, queimar.
- 167.PENDALLO:** Traveseiro do que se suspende o porco polas patas traseiras despois de morto.
- 168.PENEIRAR:** Pasar pola peneira; bortelar. Limpar impurezas ou defectos, cribar.
- 169.PESCADA:** Peixe mariño de cabeza longa e chata, boca grande con agudos dentes; pixota.
- 170.PICA:** Parte afiada dunha embarcación.
- 171.PIEGA:** Peza de madeira que se lle pon nunha pata ás bestas para que non se escapen.
- 172.PICHEL:** Antigo recipiente ou vasilla alta para quitar viño dos toneis e servilo; é máis ancha pola base que pola boca.
- 173.PILTRA:** cama, catre *(non vén no dicionario)

- 174.PINCHACARNEIRO:** Volta que se dá no aire apoiando as mans no chan e deixándose caer sobre o lombo.
- 175.PINICAS:** Pelas das patacas *(non vén no dicionario con este significado, pinica: folla do piñeiro).
- 176.PINO:** Peza do carro onde se suxeitan as vacas. Temón do carro.
- 177.PIXABANTE/PUXABANTE:** Devastador dos ferreiros *(non vén no dicionario)
- 178.PODÓN:** Semellante ao fouciño pero con folla máis gorda e forte para cortar arbustos de talo duro. Poda.
- 179.POLEIRO:** Lugar alto no galiñeiro onde se poñen as galiñas para durmir.
- 180.POLBO:** Molusco cefalópodo comestible con oito tentáculos provistos de ventosas.
- 181.POTÍN:** Patín; terraza pequena na que rematan as escaleiras exteriores que permiten o acceso ó sobrado dalgunhas casas.
- 182.POUPARIÑO/A:** lento/a, con pouco ánimo.
- 183.PÚCARO:** Pucheiro pequeno (pucheiro: recipiente de barro ou doutro material, alto e algo alombado que se emprega para cociñar ou para gardar o mel, manteiga,etc.).
- 184.PULGUEIRA:** cama *(non vén no dicionario)
- 185.PUXIGO:** (No dicionario vén POXIGO) Porta pequena aberta dentro doutra máis grande. Parte superior dunha porta partida horizontalmente.
- 186.QUILLA:** Peza de madeira ou de ferro que vai de proa a popa e que serve de sostén a toda a armazón do barco.
- 187.QUINQUÉ:** Candil de aceite para alumar. Dic: Lámpada formada por un depósito para o combustible, petróleo ou aceite, e un tubo de cristal para proxectar a luz.
- 188.RANGUEIRO:** Ranqueiro; Peza do carro, en forma de forcada de dous gallos.
- 189.RANCHO:** Porco.
- 190.RAÑO:** Aparello para labrar a terra que ten un mango de madeira e dentes de ferro. Ferramenta de 4 dentes para labranza. Dic: Instrumento empregado na labranza formado por un mango ao que se une unha peza de ferro de 3 ou 4 dentes e que se emprega para sachar ou para arrincar.
- 191.RAPETA:** Arte de pesca parecido ao CHINCHORRO; deixábase un mariñeiro na praia cun extremo da rede, outros en bote largaban o resto en forma de semicírculo ata levar o outro extremo da rede ao outro lado da praia.
- 192.RASCA/RASPETA:** Pa de ferro para coller ameixas, berberechos, navallas...
- 193.REFAIXO:** Saia que usaban as mulleres como prenda interior de abrigo ou por riba do viso. Tamén se podía usar como prenda exterior.

- 194.RELLO:** Corda grande e gorda para atar a carga do carro, por ex. herba seca. Adival, trelo.
- 195.REMELA:** Sustancia amarela que aparece nos puntos lacrimais ou nos bordes da conxuntiva. Lagaña. Dic.: Humor pegañento que destilan os ollos e que se pega nas pestanas. Lagaña, lepa.
- 196.RETORA:** Serra manual para talar e cortar árbores entre dúas persoas. *(Non vén no dicionario).
- 197.ROBALIZA:** Peixe mariño de cor gris prateada, máis escura no lombo e branca no ventre.
- 198.RODELA:** Mulido en forma de roda que se pon na cabeza para levar un peso.
- 199.RODO:** Aparello que se utiliza para limpar as brasas do forno e para meter e sacar os bolos. Dic: Utensilio formado por unha vara longa acabada nunha táboa semicircular perpendicular, que se utiliza para xuntar as brasas do forno, mover o gran, xuntar a fariña no muíño. Instrumento de labranza con folla ancha usado para remover a terra branda.
- 200.ROZÓN:** Gadaña, utensilio para cortar os toxos.
- 201.SACHO:** Eixada. Dic: Aveño de labranza provisto dun mango e unha pa no remate que serve para sachar.
- 202.SAIA:** Prenda de vestir feminina que cobre desde a cintura para baixo.
- 203.SARILLO:** Aparato de madeira para facer madeixas de la. Dic: Instrumento que consta de dúass aspas que viran con rapidez para facer madeixas de fio.
- 204.SELLA:** Recipiente para coller auga na fonte. Dic: Recipiente de forma troncocónica, feito con doelas de madeira suxeitas con aros de metal, que se usa para transportar e conter auga.
- 205.SELLEIRO:** Asentos de pedra que se usaban para poñer as sellas. Dic: Persoa que fabrica sellas. Armazón de madeira ou poio para ter nel as sellas.
- 206.SERODIO:** Tardía. Que non crece como as demais. Dic.: Que vén tarde. Que aparece despois do tempo propio.
- 207.SOBRADO:** Chan de madeira das casas. Planta alta da casa, sendo a parte dedicada a vivenda da familia, fronte á parte baixa destinada aos animais. Parte máis alta das casas onde se gardan os obxectos que non se precisan. Faiado. Dic: Parte alta dunha casa de dúas alturas. Piso de madeira.
- 208.TALLO:** Banco para sentarse. Dic: Banco pequeno sen respaldo para unha soa persoa, de tres ou catro patas; banqueteta, mesa.

- 209. TANGARAÑO/ARANGAÑO:** Trasnó/diaño que presuntamente causa o raquitismo que sofren algúns nenos nas pernas.
- 210. TAROZO:** Tronco que está pegado ao millo *(non vén no dicionario).
- 211. TASTARABÁS:** Pau que está pegado a outro, dá voltas e fai ruído. *(Non vén no dicionario).
- 212. TEA:** Tecido feito con fíos entrecruzados e moi mestos.
- 213. TENDAL:** Alpendre, Alboio.
- 214. TESOIRA:** Utensilio para cortar.
- 215. TESTO:** tello ou tapadeira dun recipiente.
- 216. TIXOLA:** Recipiente circular de pouco fondo e con mango que se emprega na cociña para fritir.
- 217. TOLETE:** Peza de madeira ou ferro, fixa no borde da embarcación, que serve para apoiar e suxeitar o remo.
- 218. TRASGAL(OL):** Peza de madeira suxeita ao xugo que serve para enganchar o arado. *(non vén no dicionario) .
- 219. TREPIA:** Utensilio de ferro con tres pés para soste sobre o lume as potas; trespés.
- 220. TREXEITADO:** Pouco accesible ou dificultoso para entrar *(non vén no dicionario)
- 221. ULAR:** Ouvear; Falar moi alto, berrar (usábase para chamar a xente que estaba nos terreos).
- 222. VARENGA:** Parte curva da caderna dunha embarcación.
- 223. VASOIRA:** Utensilio feito de ramas ou de calquera outra materia flexible, que se usa para varrer.
- 224. VELUDO:** Tecido de seda, la, algodón, etc., con pelo curto nunha das súas caras.
- 225. VERMELLO:** Da cor do sangue, encarnado.
- 226. VINCULEIRO:** Fillo único, que vai recibir una gran herdanza.
- 227. VIRADEIRA:** Escumadeira *(non vén no dicionario).
- 228. VISO:** Combinación, peza de vestir interior que se coloca debaixo da roupa para que non transparente.
- 229. XABEXUGUEIRO:** Sabexugueiro; aparello que se usaba para xunguir as vacas ó carro, ó arado; Aparello que se usaba para tirar dun carro ou arado, etc. Estaba feito de corda ou de madeira de carballo (moi grosa), poñíase a carón do lume para darlle forma. Dic: Corra ou corda que suxeita o temón ó xugo por medio da chavella; sobrexugo.

- 230.XÁBRICA:** *(non vén no dicionario) Arte de pesca co mesmo procedemento que o CHINCHORRO e a RAPETA.
- 231.XAORA:** Desde logo que si, claro que si.
- 232.XARGÓN:** Colchón de pluma de millo. Dic: Xergón, colchón feito de folleto, herba.
- 233.XARRO:** Leiteira; Dic: Xerro; recipiente semellante á xerra, pero xeralmente un pouco máis pequeno e barrigudo.
- 234.XENOL:** Conxunto de cadernas que forman o esqueleto dunha embarcación.
- 235.XEONLLO:** Articulación media da perna.
- 236.XOIA:** Palabra utilizada no contorno familiar con significado afectuoso, cariñoso; Dic: Persoa digna de estima, de grandes calidades.
- 237.XONCER:** suxeitar co xugo dúas vacas, xunguir.
- 238.XUGO:** Aparello de madeira que se usa para aparelar bois ou vacas por medio de correas ou cordas e así tiraban dos carros, arados... Dic: Peza de madeira que se coloca sobre o pescozo dos animais de tiro para engancha-lo carro ou calquera outro aveño de labranza.
- 239.XUSTILLO:** Corpiño, peza de roupa interior feminina sen mangas, moi axustada ó corpo, que chega ata o van; Suxeitador, peza de roupa interior feminina para suxeitar os seos, que chegaba ata o van e estaba provista de varas.
- 240.ZABALA:** *(non vén no dicionario) Artefacto feito cunha corda e cun anaco de rede que facía máis doado o arrastre das redes nas artes de pesca como o chinchorro, a rapeta e a *xábrica.
- 241.ZOCA:** Calzado de madeira dunha soa peza e rematado en forma de punta máis ou menos aguzada.
- 242.ZOROLLO:** Froito do Abruño.
- 243.ZULEIRO:** Despensa *(non vén no dicionario)

Traballo coas palabras

Palabras apadriñadas

GABUXAS

significado: cóxegas

analizar: substantivo, feminino, plural

sinónimos: non ten antónimos: non ten

separar silabas; tónica ga-bu-xas

oración: Fíxenlle cóxegas a aquela nena para quitarlle o balón

GALANO

significado: obsequio que se lle fai a unha persoa

analizar: substantivo, masculino, singular

sinónimos: regalo, obsequio antónimos: non ten

separar silabas; tónica: ga-la-no

oración: Fíxenlle un galano a Pati polo seu aniversario

MÉNGOLA

significado: insulto

analizar: adxectivo, feminino, singular

sinónimos: non ten antónimos: non ten

LIXUGAR

significado: Lixar, ensuciar

analizar: verbo regular 1º conxugación

sinónimos: manchar antónimos: limpar

separar silabas; tónica: li-xu-gar

oración: O premio ganouno un neno por lixugar moito o chan

GARDUÑA

significado: picaña con tres ou catro dentes
analizar: nome común, singular, feminino
sinónimos: non ten **antónimos:** non ten
separar silabas; tónica: gar-du-ña
oración: Pillei a herba seca coa garduña

XARGÓN

significado: colchón de pluma de millo
analizar: nome común, singular, masculino
sinónimos: non ten **antónimos:** non ten
separar silabas; tónica: xar-gón
oración: O meu veciño ten un xargón na súa habitación

ESFOLLÍN

significado: instrumento feito de madeira
analizar: substantivo, masculino, singular
sinónimos: non ten **antónimos:** non ten
separar silabas; tónica: es-fo-llín
oración: O esfollín daquel señor estaba roto

GRACIA

significado: forma de preguntar o nome a alguén
analizar: substantivo, masculino, singular
sinónimos: non ten **antónimos:** non ten
separar silabas; tónica: gra-cia

XABEXUGUEIRO

significado: corra ou corda que suxeita o temón ó xugo por medio da chavella
analizar: substantivo, masculino, singular
sinónimos: extrobo ou lero **antónimos:** non ten
separar silabas; tónica: xa-be-xu-guei-ro

oración: Subín ao xabexugueiro da vaca

GURRAR

significado: empuxar algo ou alguén par cambialo de lugar

analizar: verbo, infinitivo, feminino, singular

sinónimos: pelexar antónimos: non ten

separar silabas tónica: gu-rrar

oración: Gurrei aquela maceta porque non lle daba o sol

Traballo coas palabras

Biso: Peza de vestir interior

1ª actividade: Figura no dicionario

2ª actividade:

sinónimos	antónimos
non ten	non ten
singular	plural
biso	bisos
masculino	feminino
biso	non é

3ª actividade: bi-so/ sílaba tónica bi

4ª actividade: Na miña comuñón levei un biso

Motas: Cartos soltos

1ª actividade: Nos nosos dicionarios, “Non aparece”

2ª actividade:

sinónimos	antónimos
solto	non ten
cartos miúdos	
singular	plural
mota	motas
masculino	feminino
non é	motas

3ª actividade: Mo-tas/ sílaba tónica Mo

4ª actividade: O meu padriño recada motas e logo dâmas

Nebrea: Chuviscar

1ª actividade: Non vén no dicionario

2ª actividade:

sinónimos	antónimos
chover	escampar
singular	plural
masculino	feminino

3ª actividade: Ne-bre-a/ sílaba tónica bre

4ª actividade: Na Gañidoira nebreaba moito

Palluzo: Facho, fachuzo, feixe de palla acendido que se utiliza para alumar

1ª actividade: Facha de palla para alumar/ si figura

2ª actividade:

sinónimos	antónimos
fogueira	non ten
singular	plural
palluzo	palluzos
masculino	feminino
palluzo	non é

3ª actividade: Pa-llu-zo/ sílaba tónica llu

4ª actividade: No San Xoán saltamos o palluzo

Pelar: Estar moi quente unha cousa,(abrasar, queimar)

1ª actividade: Si que figura no dicionario

2ª actividade:

sinónimos	antónimos
mondar	non ten
singular	plural
masculino	feminino

3ª actividade: Pe-lar/ sílaba tónica lar

4ª actividade: A auga do pote pela moito

Pinchacarneiro: Volta que se dá no aire apoiando as mans no chan e deixándose caer sobre o lombo.

1ª actividade: Figura no dicionario

2ª actividade:

sinónimos	antónimos
pino ponte	non ten
singular	plural
pinchacarneiro	pinchacarneiros
masculino	feminino
pinchacarneiro	non é

3ª actividade: Pin-cha-car-nei-ro/ sílaba tónica nei

4ªactividade: No circo hai grandes estrelas que saben facer o pinchacarneiro

Púcaro: Pucheiro pequeno

1ª actividade: Non figura no dicionario

2ª actividade:

sinónimos	antónimos
pucheiro	non ten
singular	plural
púcaro	púcaros
masculino	feminino
púcaro	non é

3ª actividade: Pú-ca-ro/ sílaba tónica pú

4ª actividade: Miña tía colecciona púcaros moi antigos

Quinqué: Candil de aceite para alumar

1ª actividade: Figura no dicionario

2ª actividade:

sinónimos	antónimos
candil	non ten
singular	plural
Quinqué	Quinqués
masculino	feminino
Quinqué	non ten

3ª actividade: Quin-qué/ sílaba tónica qué

4ª actividade: Antigamente había moitos quinqués

Rodo: Aparello que serve para meter e sacar os bolos no forno

1ª actividade: Si figura

2ª actividade:

sinónimos	antónimos
galla	non ten
singular	plural
rodo	rodos
masculino	feminino
rodo	non é

3ª actividade: Ro-do/ sílaba tónica ro

4ª actividade: Os panadeiros sacan o pan do forno co rodo

Xaora: Afirmar algo

1ª actividade: Si que figura

2ª actividade:

sinónimos	antónimos
afirmar	negar
singular	plural
xaora	non ten
masculino	feminino
non é	non é

3ª actividade: Xa-o-ra/ sílaba tónica o

4ª actividade: Miña nai díxome: Xaora podes ir ó parque